

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN201G).

BDNS (Identif.): 303256

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarios*

Titulares de obradoiros artesanais que figuren inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Asociacións profesionais e empresariais de artesáns de Galicia.

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que organicen feiras de artesanía.

Segundo. *Obxecto*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o fomento e a comercialización da artesanía galega para actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2016, coa excepción dos gastos efectuados no ano 2015 exixidos para a participación en eventos expositivos do ano 2016 e, se for o caso, os gastos efectivamente realizados e pagados das feiras que teñan lugar entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2016.

Considéranse actuacións subvencionables:

Para titulares de obradoiros artesanais:

A participación como expositor en feiras profesionais nacionais ou realizadas no estranxeiro en que non se efectúa venda directa con retirada de mercadoría.



A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento, cun máximo de 2.000 euros de subvención por certame, impostos excluídos.

A participación como expositor en feiras non profesionais de artesanía, fóra do ámbito da Comunidade Autónoma galega, que se realicen nos mercados nacionais ou internacionais.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento superior a 500 euros, cun máximo de 900 euros de subvención por certame, impostos excluídos.

A participación como expositor en accións comerciais emerxentes de carácter temporal e presentación de produtos en *pop ups*, *corners* e *showrooms*.

A porcentaxe subvencionable acadará o 50 % do investimento superior a 500 euros, cun máximo de 900 euros de subvención por actuación, impostos excluídos.

O importe máximo de subvención, para o conxunto de todas as actuacións subvencionables, non poderá superar os 7.000 euros, IVE excluído.

Para concellos:

Feiras monográficas cuxo obxectivo sexa a venda e posta en valor de produtos dun mesmo oficio tradicional, cun número mínimo de 15 edicións, incluída a edición en curso. A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento cun máximo de 15.000 euros de subvención por feira.

Feiras non monográficas de distintos oficios cun número mínimo de 5 edicións, incluída a edición en curso. O importe máximo de subvención será de 3.000 euros por feira se conta cun mínimo dun 80 % de expositores de produtos artesanais inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais). Para as que non acaden o 80 % dos expositores mencionados, o importe máximo de subvención será de 1.500 euros por feira.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá ser superior aos 15.000 euros.

Para asociacións profesionais e empresariais de artesáns:

Organización de feiras de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia de distintos oficios cun número de 15 edicións, incluída a edición en curso, e que contén cun mínimo de 80 % de expositores de produtos artesanais inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais).



A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento cun máximo de 15.000 euros de subvención por certame.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar os 30.000 euros.

Participación como expositor en feiras profesionais nacionais ou realizadas no estranxeiro en que non se efectúa venda directa con retirada de mercadoría.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento, cun máximo de 7.000 euros de subvención por feira.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá ser superior aos 15.000 euros.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Importe*

Destínase un total de 225.000 euros das aplicacións orzamentarias seguintes:

09.30.751A.770.3: 120.000 euros para titulares de obradoiros artesanais.

09.30.751A.761.3: 60.000 euros para concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

09.30.751A.781.4: 45.000 euros para asociacións profesionais e empresariais de artesáns de Galicia.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, que contará a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2016

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

